

XVIII
*Certame
Literario*

Concello de Paradela

Premios poesía e narrativa

*Manuel-Oreste
Rodríguez-López*

XVIII
*Certame
Literario*

Concello de Paradela

Premios poesía e narrativa

*Manuel-Oreste
Rodríguez-López*

Nesta XVIII edición do certame Manuel Rodríguez López quixera mostrar a miña satisfacción polo camiño percorrido, á vez que agradecer a tódolos membros da organización o labor cotiá que están a facer, non só cos traballos como xurado senón tamén creando novos vieiros de potenciación e valoración da vida e obra do noso poeta.

Estou a falar dese banzo máis que acabamos de encetar o pasado seis de agosto no Centro Socio Cultural que leva o seu nome, a inauguración da exposición itinerante da **VIDA E OBRA DE MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ** promovida por Galicia Dixital e co patrocinio da Xunta de Galicia, Deputación Provincial, Concellos de Lugo e Paradela.

Acto que contou coa presenza do Presidente da Real Academia Galega, Don Xesús Alonso Montero, agradecemos cordialmente que fixese un oco a pesares das súas obrigas para estar connosco neste entrañable acto. Impartiunos unha lección maxistral sobre Manuel Rodríguez López, a súa persoa e obra. Lembrou a relación que tivo con Manuel desde os seus anos lugueses e nos contou como bateu con Manolo por primeira vez na imprenta-editorial Celta de Lugo, era o ano 1968, onde andaba Manolo a revisar as galeradas do seu primeiro libro de poesía *Poemas Populares Galegos*. Aquel foi o inicio dunha amizade que foi medrando nas épocas de vacacións cando Manuel Rodríguez López retornaba desde Barcelona, onde exercía como un dos nosos mellores embaixadores, palabras do profesor Alonso Montero.

Lembrou como na edición XIV deste certame escribira as palabras preliminares que titulou: “Manuel Rodríguez López: Tradutor de L’Atlantida de Verdager” e cando no ano 1983 lle prologara “con fervor” o libro en prosa, *Reencontro coa Aldea*. Nese libro colaborou ademais outro ilustre paradelense, o artista-escultor-pintor Álvaro González de la Vega cos seus retratos e caricaturas. Persoeiro que invitamos desde este limiar a sumarse a este proxecto (para seguir cumprindo a “Parábola das Cereixas” de Xulio Xiz), a esta realidade

Limir

Por José Manuel Mato Díaz

cultural con vida propia e proxecto ambicioso que non decaerá xamais nas tebras do esquecemento e seguirá a ser facho referente daqueles que como Manolo teñen inquedanzas literarias.

Tivemos con nós na presentación desta exposición itinerante sobre Manuel Rodríguez ao Secretario Xeral de Política Lingüística, D. Valentín García Gómez ao que lle agradecemos a oportunidade de poder contar coa súa presenza, ademais da súa colaboración desde a entidade que dirixe e o seu compromiso coa figura do noso escritor.

O poeta, editor e presidente do Pen Clube Galicia Luís González Tosar tamén participou no acto e expresou a gran admiración que lle tiña a Manuel Rodríguez López, á vez que se gababa de sentirse moi ledo de estar entre nós e que se contase con el. Desde logo que xa o temos incluído dentro do amplo abano que conforman todos aqueles que se achegan a este proxecto, que paso a paso camiña para facerse máis grande. Contamos cos persoeiros que o amparan e con tódolos que participan ano tras ano, aportando os seus traballos nas modalidades de narrativa e poesía e ofrecendo desde a literatura alento á sociedade.

Destacou asemade neste acto a impecable e emotiva actuación de Alfredo González que cantou poemas do noso autor, por el musicados. Así como as verbas de Iolanda Díaz Gallego, presidenta da asociación de emigrantes galegos en Cataluña “O Penedo” e amiga entrañable de Manuel. Unha persoa que tanto e tan ben ten feito a prol da cultura galega dende a cidade de Barcelona e dende Uruguai, en épocas tremendamente difíciles. Grazas Iolanda, por termos acollido no teu domicilio de Barcelona cando estabamos a espallar o recoñecemento público da obra do noso fillo predilecto ou cando, con Víctor L. Villarabid, fomos a presentar o noso libriño de Paradela no Fogar Galego “O Penedo”.

Así é fácil aprender, tendo bos mestres como os que neste acto nos acompañaron. E si falamos de mestres, non podemos esquecer a

actuación do neto de Manuel, Carlos, que nos demostra que hai futuro na xuventude que se asenta nos seus orixes. E asemade acredita a súa gran formación musical, deleitándonos con obras extraordinarias que interpreta á perfección co seu violín.

Aproveitando a presenza do Sr. Presidente da Real Academia Galega e facéndome eco de moitas outras voces e mais do pensar do colectivo que organiza o certame, solicíteille ao Sr. Presidente que se propuxese a Manuel Rodríguez López para o Día das Letras Galegas. Ata tiven o atrevemento de fixar unha data, e non por antollo, senón por un cúmulo de coincidencias que concorrerían no ano 2015: vinte e cinco anos do seu pasamento (13/2/1990) e vinte anos dende a convocatoria do certame literario que leva o seu nome (1995), ou sexa vinte anos de traballo arreo cumprindo o seu desexo de traballar en exclusiva pola cultura galega.

Don Xesús Alonso Montero ofrécenos o seu apoio e transmítenos que non esta só nas súas mans, que hai moitos académicos e que cada un deles ten, como todos sabemos, voz e voto, á vez existen moitas outras propostas. Non obstante, di que esta demanda non cae en saco roto. O que nos fai albiscar que estamos no bo camiño, só nos queda seguir co noso traballo de divulgación para acadar o cume da vida e obra de Manuel Rodríguez López.

Se este relato vén a conto de dar fe do sucedido ao longo deste ano dous mil trece quedaría coxo senón me referise aos traballos presentados, que acadaron o número de 968 obras (catrocentas corenta e dúas na modalidade de poesía e cincocentas vinte seis na de narrativa). Podemos afirmar que é o ano de máis participación e que soamente se presentaron cen obras por correo postal, o resto foron por medios telemáticos (886), o que nos sitúa de cheo na era das novas tecnoloxías da comunicación.

Quixera agradecer ao xurado o tempo dedicado ao estudo das obras, que polo número delas presentadas tivo que ser moito. Tamén

o gran esforzo e dificultade para decidir entre tantos e tan bos traballos, de aí os accésits e as mencións de honra outorgadas.

Felicitar a tódolos gañadores, destacando os primeiros premios tanto en poesía como en narrativa: Don Ramón Sandoval Pérez que presenta co lema “O futuro non será de cor de rosa” a obra titulada “Conta Atrás”. En narrativa, gañou a obra titulada “Mar Maior” presentada baixo o lema “Balauro”, sendo o autor Manrique Fernández Vázquez. Permítanme que neste limiar, xa de por si extenso, non faga mención dos demais premiados porque me consta que xa teñen un apartado propio no libro.

Agardo poder contar coa presenza dos premiados, así como con tódolos colaboradores e veciños de Paradela na entrega de premios que celebramos cada ano polo nadal e que este ano será o dezanove de decembro. Desta forma poderei desexarlles en persoa unhas boas festas e mellor ano para todos, tamén o fago extensivo aos que teñan a oportunidade de ler este libro.

Remato invitando a tódolos os que aquí chegaron a que continúen a ler, que empeza o mellor, como dicía Gabriel García Márquez: “el más misterioso y solitario de los oficios humanos, la creación intelectual”.

Unha aperta.

Paradela, 5 de novembro do 2013

José Manuel Mato Díaz,
Alcalde de Paradela.

No momento presente, en Galicia, contamos cunha tradición literaria moi consolidada, cuxos froitos son certamente sobresalientes. Galicia foi sempre terra de escritores, aínda que houbo un tempo, desafortunadamente, en que careceu dun sistema literario propiamente dito ou este resultaba certamente deficitario. Hoxe os tempos son ben outros. Neste proceso de formación e consolidación dunha literatura florecente, participaron con empeño numerosos axentes, e cómpre resaltar que non poucos deles procederon das institucións públicas, que asistiron e acompañaron aos creadores e creadoras, e á industria editorial.

Os concellos en Galicia, foron e son parte fundamental no avance que imprimiron á normalización da nosa lingua. Dun xeito moi natural, asumiron a lingua dos cidadáns como administración de proximidade e mesmo botaron a andar iniciativas propias como esta que con moito esforzo se converteron en referentes lingüísticos e culturais. É todo un exemplo neste sentido o Concello de Paradela, que xa a inicios da década dos noventa do século pasado comezou a convocar anualmente un concurso, nas categorías de narrativa e poesía, e que xa vai na décimo oitava edición. Tal foi o éxito deste certame que resulta hoxe moi gratificante ver como algúns dos escritores e escritoras premiados daquelas edicións anteriores son agora escritores consolidados e de éxito.

A décimo oitava edición do certame constitúe un chanzo máis, de moita maior envergadura, que nos fala indefectiblemente do éxito do camiño percorrido. Non resulta un indicio menor o feito de que a esta edición se presentasen 973 obras, un número asombroso de propostas que nos mostran de forma palmaria a vitalidade e o atractivo que exerce entre os nosos narradores o certame que leva, tan merecidamente, o nome de Manuel Oreste Rodríguez López.

Tal cantidade de obras presentadas lévame tamén a outra reflexión. Refírome ao arduo traballo que tiveron que realizar as persoas

que integraron o xurado para a elección das obras gañadoras desta edición e que agora se dan a coñecer ao público a través deste fermoso e coidado libro que, vostede lector ou lectora, ten nas súas mans. Estou seguro de que, malia ás dificultades propias desta difícil tarefa de selección e descartes, este labor lles resultaría gozoso. No entanto, quero igualmente expresarlles as miñas grazas por participaren neste proxecto no que o Concello de Paradela e a Secretaría Xeral de Política Lingüística colaboran conxuntamente.

E chegados a este punto, quero referirme aos auténticos protagonistas deste libro: os poetas e narradores que obtiveron algún dos loureiros que estaban en concurso. Vaian para eles os meu máis sinceros parabéns e a miña máis franca admiración por teren logrado este prezado galardón. Vaian tamén as miñas grazas ás persoas –algunhas delas de lugares ben afastados ao noso– que atenderon tan amablemente a chamada do Concello de Paradela nesta última convocatoria. E para vostede, lector ou lectora, vaia o meu desexo de que, durante a lectura deste libro, o invada o gozo e a fruición.

Valentín García Gómez
Secretario xeral de Política Lingüística

GaliciaDigital está levando adiante unha campaña de difusión da vida e obra de Manuel Rodríguez López, para que se coñeza axeitadamente o traballo deste autor, a súa ampla obra literaria, o amor pola súa terra, e o vencello por el establecido entre a súa terra natal de Paradela (e, en xeral, Galicia) cos galegos emigrantes en Cataluña.

A campaña conta coa colaboración especial da Familia de Manuel Rodríguez López, e a impulsión do Concello de Paradela e os apoios do Concello de Lugo, Deputación Provincial de Lugo (Vicepresidencia Primeira), e da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

A primeira acción da campaña consistiu na **creación do portal web www.manuelrodriguezlopez.org**, unha das mellores páxinas que teña un escritor galego, que recolle a súa obra completa e a información máis salientable da súa existencia.



A web púxose en marcha no ano 2012 nos idiomas castelán, galego e inglés, incorporándosele en 2013 a versión en idioma catalán para responder fielmente ao sentir de Manuel Rodríguez e ao seu labor de vencello entre as dúas comunidades a través do idioma dos galegos de Galicia e Cataluña.



Neste 2013 confeccionouse unha **Exposición** sobre a vida e obra de Manuel Rodríguez, que terá carácter itinerante e recorrerá diversos pobos e cidades galegas. A exposición, formada por 16 paneis informativos (pode ser vista integramente na web), abriuse o pasado mes de agosto en Paradela e en outubro (coincidindo co San Froilán) na capital lucense. A continuación visitará Begonte, e en acción organizada pola Xunta de Galicia e o Concello de Santiago, na capital de Galicia.

Púxose en marcha tamén neste 2013 unha **Oficina Itinerante** que acompaña a exposición para difundir os seus contidos, que seguirá a funcionar o próximo 2014, e editouse un **folleto informativo** sobre a páxina web.

Como próximas accións a emprender, ademais do mantemento e continuidade das actualmente en marcha, está a da publicación das **obras completas** de Manuel Rodríguez López, e a edición dun **DVD homenaxe** a este autor.



Antonio Giz
Director de GaliciaDigital

XVIII Edición do Certame Literario

Manuel-Oreste Rodríguez López.

PRIMEIRA: Participantes.

Poderán concorrer anualmente ao certame literario Manuel-Oreste Rodríguez López, todo os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, admitíndose unha soa obra por categoría e autor.

SEGUNDA: Requisitos das obras.

Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo. As obras de poesía terá unha extensión máxima de 100 versos. En ambos casos, mecanografiadas (ou a ordenador) e a dobre espazo. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria.

TERCEIRA: Presentación das obras.

O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trinta de novembro de dous mil doce. As obras enviaranse por sextuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema, ao seguinte enderezo:

CONCELLO DE PARADELA
Certame Literario
(Modalidade Poesía / Narrativa)
Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela (Lugo)

En sobre aparte e pechado, constará o lema que distinga o traballo, e no interior o nome e apelidos do autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia, declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados.

No caso de que as obras se remitan mediante correo electrónico, á conta concello.paradela@eidolocal.es, deberán enviarse no mesmo correo electrónico, dous arquivos, en formato pdf, un co contido da obra e outro onde constará o lema que distinga o traballo, no que conterá, no seu interior, o nome e apelidos do autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia, e declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda.

Este segundo arquivo será custodiado pola Secretaría do Concello, entregando unicamente ao Xurado a obra e o lema da mesma.

No caso de participación en ambos apartados; deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado.

Conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de forma confi-

dencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Paradela relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

CUARTA: Premios.

Establécese un Premio de seiscentos euros (600,00 €) para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de *poesía* e outro de seiscentos euros (600,00 €) para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de *narrativa*.

O xurado reservase a facultade de conceder os accesits (carentes de dotación económica), que estime oportunos.

O autor ou autores premiados convocaranse ao acto de entrega de premios, o día que estableza o xurado.

QUINTA: Fallo do Xurado.

O Xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de abril de 2012 e farase público polos medios de comunicación e na páxina web do Concello; comunicándose persoalmente aos gañadores.

O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados; e a súa decisión será inapelable.

SEXTA: Dereitos sobre as obras presentadas.

O Concello de Paradela resérvase, en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas e accesits durante o prazo máximo de doce meses, contados dende o momento do fallo.

As obras non premiadas, así como as súas correspondentes plicas, non serán devoltas, sendo destruídas despois da proclamación de gañadores do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López-2012.

SÉTIMA: Prerrogativas.

A resolución de todas as cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria son de exclusiva competencia do Concello de Paradela e do Xurado.

Reunidos no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as trece horas e quince minutos do día nove de maio de dous mil trece, o xurado formado polos Señores D. José Manuel Mato Díaz, Alcalde do Concello de Paradela como Presidente; D. José Jesús Ramos Ledo (Xefe Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria); D. Santiago Rodríguez López (Filio do home-naxeado); D. Xesús Mato Mato (Crego e musicólogo); D. Xulio Xiz Ramil (escritor e xornalista); e D. Xavier Rodríguez Barrio (poeta) como vogais; e D. José López González, Secretario do Concello de Paradela, que da fe do acto.

Constituído o xurado en forma e coa ausencia de D. Xavier Rodríguez Barrio e D. Santiago Rodríguez López, procedeu a efectuar unha valoración da evolución experimentada polo Certame Literario dende a súa creación, cumprindo a súa XVIII Edición, orixinando un balance extraordinario, tendo en conta a dotación económica do premio; debido a presentación de novecentas sesenta e oito obras (968), o que supuxo que nesta edición se batira o récord de obras presentadas ao longo dos deza-oitos anos de existencia do Certame, un feito histórico, pero de seguro tamén unha das participacións máis altas de cantos certames se organizan no país; véndose obrigado por todo iso a trasladar o fallo do mes de abril, tal e como constaba nas Bases desta Edición ao presente mes de maio, debido ao volume de obras presentadas.

Das novecentas sesenta e oito obras (968), catrocentas corenta e dúas (442) corresponden á categoría de poesía e cincocentas vinte e seis (526) á de narrativa.

Resaltar o feito de que só cen (100) obras foron remitidas a través de correo postal, polo que as restantes oitocentas sesenta e oito (868) foron presentadas a través de medios telemáticos, o que se traduce na consagración da adaptación do Certame aos tempos que corren e o esforzo do Concello en facilitar aos autores os medios de presentación das súas creacións; así coma o traballo de organización para asegurar que todas as obras presentadas chegaran ás mans dos membros do xurado.

Asemade os membros do Xurado destacan tanto os temas de fervente actualidade coma a dureza dos mesmos, sendo a Edición na que valorar os traballos foi máis duro e difícil pola súa elevada calidade.

Subliñar especialmente este ano o esforzo e a dificultade do Xurado ao ter que valorar este número tan elevado de obras, nas que non só as premiadas senón outro bo número delas destacan pola súa calidade. Por todo iso se decidiu outorgar na categoría de poesía tres mencións de honra e dúas na categoría de narrativa.

A continuación o xurado procedeu a calificar as obras presentadas e atopadas conforme as bases no seu día aprobadas.

O xurado por unanimidade dos membros presentes, acorda:

Fallo do xurado

Acta de constitución

“XVII Edición Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López”

PRIMEIRO.- Outorgar o premio de **POESÍA**, á obra presentada baixo o lema *O futuro non será de cor de rosa*, co título **CONTA ATRÁS**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Don Ramón Sandoval Pérez**, de Vigo. Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésit** no apartado de **POESÍA**.

-**Accésit**, á obra co lema *Voz sin eco* e título **CIUDADANOS DE UN MUNDO SIN FRONTERAS**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Don Luis García Pérez**, de Puertollano (Ciudad Real).

Segundo Accésit, á obra presentada baixo o lema e título **CRIATURAS ATERRADAS**. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a **Don Jacobo Llamas Martínez**, de Lugo.

As mencións de Honra recaeron, na obra titulada **DELICADO MADRIGAL**, cuxo autor é **Xosé Otero Canto** de Lugo; Baixo o lema *Oricaldo* e co título **LA DANZA DE LAS ESDRÚJULAS** sendo a súa autora **Mercedes Saénz Blasco** de Mérida (Badajoz) e por último a obra baixo o lema e título **ME GUSTARÍA PERO NO PUEDO** pertencendo a **José Gabriel Rodríguez Ambrosio** de Guillena- Sevilla.

SEGUNDO.- Outorgar o premio de **NARRATIVA**, á obra presentada baixo o lema *Baluro* e co título **MAR MAIOR**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Manrique Fernández Vázquez** de Salvaterra de Miño (Pontevedra).

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits** no apartado de **NARRATIVA**.

- **Accésit**, á obra presentada baixo o lema *Tren de historias*, co título **O TREN DE VILAUDRIZ**. Aberto o sobre, compróbase que o seu autor é **Xosé Farruco Graña Rama** de Ribadeo (Lugo).

- **Accésit**, á obra presentada baixo o lema, *Enrique Feraud*, co título **LA BARCA PINTADA**, sendo o seu autor **José Luis Hernández Garvi** de Madrid. As dúas mencións de Honra recaeron na obra baixo o lema e título **HÉROE**, cuxo autor é **José Ángel Corral Suárez** de Bertamiráns - Ames (A Coruña) e a obra baixo o lema *Malagana*, título **CORRESPONDENCIA**, pertencendo a obra a **Antonio Garrido Jiménez** de Almería.

E para constancia do tratado, levántase a presente acta por sextuplicado exemplar, que é asinado por todos os membros, en Paradela na data arriba indicaba, sendo as trece horas e quince minutos, do que eu, como Secretario dou fe.



Ramón Sandoval

Nacín en Sober (Lugo) en 1961.

Funcionario de Correos, o que o me levou a vivir en Asturias, A Rúa (Ourense) e dende fai 17 anos en Vigo.

Teño publicados poemas soltos en diversas revistas literarias: Clarín, Manxa, Cuadernos de Poesía Nueva, Gemma, El Parnaso, Aguamarina, etc.

Premios literarios:

2º Premio no II Certame de Poesía Orchilla, 1988.

2º Premio no XI Certame de Poesía Feliciano Rolán, A Garda 1997, co poema “Houbo un tempo en que fomos nenos”.

2º Premio no I Certamen de Poesía Manuel Leiras Pulpeiro, Mondoñedo 2012, co traballo titulado “Cicatrices do insomnio”.

Ganador do VI Premio de Poesía Victoriano Taibo, co libro “Territorios estraños”, Gondomar 2013.

Incluído na “Antoloxía de Poetas Españoles e Hispanoamericanos de Hoy, Tomo V”, Barcelona 1987.

“Poesía Galicia. Antoloxía 1990”; “Antoloxía: Los Nuevos Poetas”, Barcelona 1994.

Un poemario: “Como una lluvia”, publicado en 1990.

Conta atrás

Ramón Sandoval

10:

Cando o mar nos deixe en testamento
unha mancha de homes sen raíces
entregados ós ventos furtivos
que ispen a pel das meigas,
cando xa non queden peixes nin corais,
cando a súa triste inmensidade
non garde os tesouros dos vellos piratas
senón bidóns radioactivos
nafragando co abalo dos ondas
na area, xa contaminada, de calquera praia.

9:

Cando o aire torne irrespirable
de tanto acariñar a cinsa,
o lume alampando polos montes,
o bafo tóxico das chemineas
borrando o azul do ceo;
cando poña un nó de crepúsculos
na mirada das aguias
que descolgan as ás impotentes
ante tanta loucura desatada na chaira.

*Daquela a terra berrará,
berrará con voz de cántaro.*

8:

Cando as cidades sintan vertixe
ó mirarse nos espellos
e se abracen unhas as outras
para manter en pé as ruínas
dos desaforados ñaíceos;
cando entre gretas e entullos
non quede solo para que medren
as flores dunha nova primavera.

7:

Cando os humanos se comporten como robots
encadeados a unha forza superior
que se lles escapa das mans,
falen unha linguaxe incomprendible
e xa non se atopen heroes
que defendan os refuxios
fronte a turbas sen destino.

*Daquela a terra berrará,
berrará con voz de cántaro.*

6:

Cando a natureza agonice
atrapada polas redes do diñeiro,
os soños se escagallen coma pedras
na fronteira do desterro
e os cans fuxan desorientados
por carreiros que levan a ningures.

5:

Cando a lembranza sexa pavor,
a soidade non teña apelidos,
as promesas se afoguen en desertos,
un amencer poida ser o derradeiro amencer
sen máis testemuñas que un sol bañado en sangue.

*Daquela a terra berrará,
berrará con voz de cántaro.*

4:

Cando a morte veña fachendosa
a encher os espacios baleiros
e unha paisaxe de sepulturas
faga palidecer a lúa chea.

3:

Cando o ruído do silencio non se ature,
cando os ollos se pechen para sempre,
orfos e asolagados de bágoas.

*Daquela a terra berrará,
berrará con voz de cántaro.*

2:

Cando o futuro semelle un manto negro
envolto nunha conta atrás sen epílogo.

1:

Cando ti, eu, todos, non sexamos máis que espectros.

*Daquela a terra berrará,
berrará con voz de cántaro.*

Berrará con voz de cántaro.

Ramón Sandoval



Jacobo Llamas Martínez

Jacobo Llamas (Lugo, 1980). Licenciado en xornalismo e filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. En 2009 gañou o terceiro premio Galiza Crea de poesía por *Contrarretrosos*, en 2010 o segundo premio Xuventude Crea de poesía por *Terapia Gestalt (Eneatipo 5)* e en 2013 o primeiro premio Feliciano Rolán por *Dido nas marismas*. Os seus versos están espallados en obras como *Terragrafías* (2009), e nas revistas Xistral (2013), Dorna (2010, 2011) e Evohé (2004).

Segue convencido de que nunca será poeta.

Criaturas aterradas

Jacobo Llamas Martínez

Podes arrincarme a pel,
a nostalxia romana,
desposuíla do seu bronce de muralla;
en troques só pido
que ispas a túa belixerancia celta,
e que non me delates a Augusto,
porque el nunca permitirá que me converta en home de mar.

Pertenzo a un Imperio fragmentado,
insolidario coa vida,
ao que se lle enchen os ollos
de carraxe e auga salgada
durante algunhas batallas;
a un imperio de guerreiros —carnívoros
e adictos á causa—
que prefiren a dor á democracia
e pasear o arado sobre os mortos
para remexer o cheiro
do sangue no interior da terra.

A miña infancia correu á beira
menos fermosa do río;
alí só me aprenderon a ser soldado,
a non gozar do arrecendo dos seus esteiros.
Describíronme o decorrer do seu leito,
o número das súas pontes e combates,
o seu berce e a súa fin,
pero nunca me falaron da desembocadura
nin de ti,
porque entre os bárbaros do norte
aínda hai moitos
que ignoran a enerxía destas correntes,
o amor das súas xentes
polos ritos ancestrais,

polo nordés, por este sol.

Se me descubren na túa pel,
prenderaslle lume ás veas
e irás proclamar perante o César
que non quero que me devolvan á miña cidade
inhóspita, rendida.
Loitarás comigo?
Resistiremos?
Ficará o meu cadaleito
xunto ao castro,
limpo, purificado e salvo
entre tanta auga
e tanto sal?

Aínda regresan flores túas polo río,
rescato na ribeira o seu aroma,
conservan o meu perfume,
o tacto dos teus beizos:
obríganme a pensar nos peixes cos que viaxaron,
nos ventos, nas lúas
da nordesía que viron pasar,
nas pontes...,
na guerra á que nunca asistín.
Ás veces,
rodeadas de algo máis de luz,
besbellan verbas que me lembran
as tardes en que íamos
do monte ao castro
e do castro ao río.
Había entón algo de inmortal entre as túas cóxegas,
devecía por estar onda ti,
porque queríamos amor
e non a democracia.
Parolabamos da hedra
que medraba entre os muros da aldea,
dos nosos devanceiros,
de se os pollbos ficarían tristes coa baixamar;
das faíscas nas sebes
e o frío dos pastos en inverno,
das festas do monte e o verán.

Non entendías a escuridade das noites,
a miña teimosía coas armas,
pero dicías que me amabas
coa fondura do mar,
que o espírito dos meus mortos te protexía,
e que a nosa vida toda
era calma, mocidade e horizontes.

Hoxe, malia as flores
das que só eu sei,
teño a impresión acelerada do tempo adulto
(Tegra arriba e dentro da casa),
e estes versos,
máis incluso có teu fillo
(Matteo florece),
fanme adulta;
por iso me engano cando penso que aínda son nova
para facer todo por primeira vez,
porque xa fixera todo por primeira vez contigo.
Non penses, pois, que toda a paixón
afundiú nas marismas,
que ficou baleira esta varxa de amor
e de augas do pasado,
que eu me teño a min mesma
e a vida...
Cúlrame, se queres, do epitalamio,
da danza nupcial que nunca teremos,
de non coñeceres o perfume dos votos dos noivos,
do frío que habita o meu corpo,
pero matina:
Detrás daquela época de expedicións e campañas,
despois de anos sobre a terra que non amaba,
ameazada,
enriba dos pés dos tempos e da morte,
ninguén soubo responder ante a catástrofe.
Pensa que quizais
tampouco os meus saberían defender o teu cadáver.

Jacobo Llamas Martínez



Xosé Otero Canto

Xosé Otero Canto nace na Ponte de Outeiro, Castro de Rei, A Chaira (Lugo).
É catedrático de Lingua Castelá e Literatura no IES Lucus Augusti.

Autor dos libros de poemas:

“Salaos da Chaira”

“Arelas de prata e soños”

“Miño, río pai e amigo”

“Guía poética da muralla de Lugo”

“Outono, mancebo céfiro de ás ergueitas”

“Poemas da cidade”

“Poética da viaxe”

“Nenias chairegas”.

Foi recoñecido cos premios do Certame Internacional de poesía e conto breve do Centro Cultural Rosalía de Castro de Buenos Aires, o Certame Literario do Concello de Vilalba, o certame nacional de Poesía sobre O Nadal (Begonte), o Manuel Oreste Rodríguez López (Paradela) co accésit o ano pasado ou o Certame de Poesía Anduriña Voandeira de Bilbao entre outros.

Delicado madrigal

Xosé Otero Canto

OLLOS VERDES, SEDENTOS

Ollos verdes, sedentos,
se de loucuras non tedes degaros
por que me mirades desvergonzados?
Se cando me ollades
a alma xa me cortades
en anacos de amor tan cobizados
que os líquidos decláranse sedentos
e os sólidos famentos
por ese mirar nidio e desexado.
Ollos de faíscas en turbado
que en amor abura desconsolado.

ÁNFORA PEQUENA

Íspente os meus ollos
e fan de ti antollos;
das túas curvas de ánfora pequena.
Corpo que engalana e envelena,
que seduce, atrae e fascina
e seguidamente te alucina . . .
e cando te acena
coas súas formas de lene buguina
xa certamente te aliena
e se troca ante os ollos en divina.

DANZAN SILANDEIROS OS SORRISOS

E danzan silandeiros os sorrisos
nacidos dos sosegos
duns labios amantiños e sumisos
que xuntan presurosos
as bocas que en bicos pechan pregos.
E bolen aloumiños
nos corpos tan ditosos
que os paxaros que arromban os seus niños
serían coitadiños

comparando aos amantes cobizosos.

COFRE DE AMOR TRANSIDO.

Cofre de amor transido
coa sinfonía do vento e do mar.
Escoita a alma arumada
que non quere perder(v)os
esperando a arribada
dun doce, enviso e fremente soñar.
Sensual frecha de Eros,
círca e sen vacilar.
Disparada ao perdido
entre as ansias avizorantes do amar.

ESTIVEN INDO ONDA TI

Agora sei que estiven indo onda ti
e onda min calandiño viñas ti,
mais ninguén o presentía.
Como se os nosos xeitos
flutuaran entre acordes
na música que o teu corpo transmitía.
No silencio dos feitos
recalaban movementos inordes
e dos sensuais peitos
unha aperta era a seiva moradía.

QUE PERMANEZA O "BICO"

Que permaneza o bico
e que se propale entre as veas
sempre de amor cheas
en vermello estiñando o melífico.
Deixa que o bico dure
para que entre as chamas nos abure
e arrole ás toas a dondura arreo
a finde que perdure
neste capalexco
que envolve ao pracer no excelso ceo.

QUE IMPORTA O QUE NOS DIGAN

Que importa que nos digan
que o noso amor é un desvarío.
Que importa se no ló

se incendia o amor para que sigan.
Que importan os rumores
se avivan os praceres:
Nas noites escuras, ansían sabores.
Estréanse ardores...nos alboreceres .

MEU ANACO DE CEO

Meu anaco de ceo!
Miña cerva ferida na fontela!
Escoita abrollar o amor no teu seo
Como sangue da frecha que acoitela.
.
No chafariz sensual que gotea,
Pingas do sangue que sae arroubado.
Augas que adían na camisa de tea
Praceres dun corazón namorado.
Frívola veleidade que pratea
Como sol nun corpo afervoado.

BAIXEICHE A MIRADA.

Baixeiche a mirada
cando os ollos de cor castaño
me tiñan tradeado.
Améndoas do vedraño
non perforedes o iris da ollada
cando o silencio ten todo clarexado,
e as dificultades
que vosoutros creades
xa non están na presenza acochada
da terca e perforadora mirada.

SEMELLA ENTREGARSE NUN SUSPIRO

Semella entregarse nun suspiro
e darche a paixón toda
que pola boca emana como oda
exhalada en silencio cando a miro.
Semella asulagarse arelante.
Desvanecerse no eido do perdido
en desmaio e sufoco delirante,
en aroma de chuchamel devecido.



Mercedes Saénz Blasco

Nací en Logroño, donde pasé mi infancia y juventud. Estudié Enfermería, y en 1990, al terminar la diplomatura, me trasladé a Sevilla. Trabajé allí, en el Hospital Virgen del Rocío, durante 8 años. En 1998 conseguí plaza en el Hospital de Mérida, ciudad en la que vivo desde entonces y que ha visto nacer a mis dos hijos.

Aficionada a la lectura-escritura desde siempre, escribo con regularidad desde hace tres años. He presentado algunas de mis obras a certámenes varios (relatos, poesía, haikus) y estoy a la espera de resultados.

Premios obtenidos:

2010

Finalista en el III Premio Algazara de Microrrelatos convocado por la Editorial Hipálage, con el microrrelato *"El ladrón de Otoños"*. Este relato, junto a los demás seleccionados, fue incluido en el libro "Cuentos alígeros".

2011

Finalista en el III Concurso de microrrelatos sobre abogados convocado por el Consejo General de la Abogacía Española, con *"Diluvio judicial"* (Mayo 2011)

Primer Premio del "IX Certamen de Relatos Carmen de Michelena", convocado por la A.C. El Yelmo en colaboración con la Diputación de Jaén, con *"Una papelería completa"*

Seleccionada en el I Certamen Internacional Mundo-Palabras de Microrrelatos con "Fobia". Este microrrelato está publicado junto a los demás seleccionados, ganadores y finalistas en el libro.

2012

Finalista del mes de Febrero en el IV Concurso de microrrelatos sobre abogados convocado por el Consejo General de la Abogacía Española, con *"Insinuaciones peligrosas"*.

Segundo Premio en el IX Premio de Relato Corto "Encarna León convocado por la Consejería de Educación y Colectivos Sociales, Viceconsejería de la Mujer de la Ciudad Autónoma de Melilla, con *"Interludio de Trapo"*.

Tercer Premio en el I Concurso de microrrelatos "Glosas para el Distercio", convocado por Bodegas Florentino Martínez.

Finalista del mes de junio en el IV Concurso de microrrelatos sobre abogados convocado por el Consejo General de la Abogacía Española, con *"Cinco palabras"*.

Finalista del mes de agosto en el IV Concurso de microrrelatos sobre abogados convocado por el Consejo General de la Abogacía Española, con *"El lado positivo"*.

Finalista del VI Premio Luis Adaro de Relato Corto convocado por la Asociación de Escritores Noveles, con *"Una pistola por Reyes"*.

2013

Finalista del mes de Marzo en el V Concurso de microrrelatos sobre abogados convocado por el Consejo General de la Abogacía Española, con *"*

de las esdrújulas

Mercedes Saénz Blasco

La danza de las esdrújulas se baila con los ojos cerrados.

Dejándose llevar

por el vaivén de cada letra,

de cada acento,

de cada sueño que germina

tras la estela de su paso.

Pléyades. Éxtasis. Vértigo. Páramo.

La danza de las esdrújulas se baila con la mente en blanco.

Dejándose acurrucar

por la plenitud de su esencia.

Por la sazón de su atuendo.

Por la sutil esperanza

que anida en su regazo.

Ímpetu. Círculo. Página. Océano.

La danza de las esdrújulas se baila con los pies descalzos.

Dejándose agujonear

por los clavos de su espuela.

Por la zozobra de sus motivos.

Por la cruel incertidumbre

de su abrazo.

Lágrima. Pólvora. Clitoris. Hábito.

La danza de las esdrújulas se baila con los labios sellados.

Dejándose encandilar

por el rumor de su queja.

Por el requiebro de su voz.

Por el intangible arrullo

de su canto.

Música. Pájaro. Trébede. Cántaro.

La danza de las esdrújulas se baila con los dedos cruzados.

Dejándose hechizar

por la magia que las ciñe.

Apelando al azar.

Saboreando

el agridulce néctar de su rastro.

La danza de las esdrújulas

Ídolo. Nómada. Brújula. Sádico.

La danza de las esdrújulas se baila con el corazón quebrado.

Dejándose arrinconar

el alma entre las cuerdas.

Levitando en su fuerza.

Doblegándose al empuje

de su paso.

Pésame. Tuétano. Féretro. Huérfano.

Mercedes Sáenz Blasco

Me gustaría



José Gabriel Rodríguez Ambrosio

Curriculum vitae:

He participado en cinco libros colectivos de poemas: "Sin Sabores", "Voz Rota" "Poetas de Tierra" "Antología Poética Latinoamericana" con la editorial argentina Cuatro Vientos, y colaborando con la revista literaria "Literatosis" en Uruguay.

Mi poema "Todos los Nombres" ha sido editado en un cuadernillo escolar en Alemania para el aprendizaje del idioma español.

Me dedico como compositor profesional de textos para canciones desde el año 1987 teniendo grabado más de un centenar de composiciones con diversos artistas en España y Latinoamérica, pertenezco a la Cooperativa de autores La Bohemia Creativa donde he producido varios proyectos musicales y teatrales.

pero no puedo

José Gabriel Rodríguez Ambrosio

Suenan sirenas
que martillean mi cabeza,
y amanezco ebrio de dolor
entre espasmos de ansiedad
como rayo que no cesa.

Desnuda la mañana
en las ondas hertzianas
estallan gritos desesperados
de la gris miseria;

pateras que se hundan,
en los mares de los sueños,
que en sueños se quedan;
familias que le desahucian la vida
cuando de sus hogares echan.

abuelos de raquílicas pensiones
nos cobijan y alimentan,
poniéndonos cada día
el plato que nos sustenta:

Pero el vil metal
que es el que manda
lo humano no le interesa.

Y escucho aun tertuliano
de barriga repleta,
!que hay que ser austero!,
!que lo primero es la deuda!,
!que hemos vivido por encima
de las posibilidades nuestras.!

Como si fuésemos los responsable
nosotros ,de esta tragedia griega,
que nos martiriza
que nos lleva,que nos lleva,
a la desesperanza y a la tristeza.

Ellos le llaman crisis
nosotros estafa eterna.

que poco pedimos los parias
solo trabajo,como las bestias
y siguen jugando,jugando
con la poca dignidad que nos queda.

De verdad, hoy me hubiese gustado,
hacer juegos florales en mi poema,
con metáforas sublimes,
con comparaciones imperfectas,
sumergirme en tu mirada clandestina
como dirían los poetas

Me hubiese gustado .de verdad
pero no puedo,
pero no puedo,
porque hoy mi pluma llora y gime
ahogándose de impotencia.

José Gabriel Rodríguez Ambrosio



Manrique Fernández Vázquez

Autorretrato

Chámome Manrique Fernández e nacín en Sistallo, no concello de Cospoito. Crieime entre Rianxo, Foz e Madrid, onde con 14 anos gañei o meu primeiro certame literario a nivel escolar cun poema titulado “Sueños”, o que supuxo unha vinculación co mundo da literatura que nunca abandonei.

Estudiei Xornalismo na Facultade de Ciencias da Información da Universidade Complutense e traballei en Galicia en distintos medios de comunicación, tanto en prensa como en radio e televisión, en diferentes funcións e con distintas responsabilidades. Dende o seu nacemento en 2002 exerzo de director-xerente da Fundación Rogelio Groba.

Froito da amizade e colaboración co compositor naceron dous libros: “Meditacións en branco e negro” (Xerais, 2000), a súa biografía autorizada, e “Diabolus in musica” (Galaxia, 2011), un libro de conversas co Mestre; pero tamén naceron outras colaboracións como letrista de varias das súas composicións: a cantata “Corpus en Pontearreas”, o réquiem “Samaín. Réquiem galego”, as óperas “Floralba” e “Pedro Madruga. O noso Rei”, e varias cancións.

O libreto da ópera “Floralba” e máis un poema longo que a inspirou, foron recollidos nun volume aparecido en 1999; en 2002 publiquei tamén o libro, “Pontearreas máxica. Mitos, ritos e lendas”, no que se recollen o devandito poema e máis outras sete lendas populares relacionadas co municipio de Pontearreas, narradas en verso. Amante da tradición oral, teño colaborado en varios medios de comunicación (Faro de Vigo, a revista Pregón, a páxina web galiciaencantada.com, mesmo o programa de VTelevisión “Lendas vivas”) relatando algunhas destas historias.

Dun tempo a esta parte deume pola narrativa e o teatro, e teño un monllo de contos, unha novela e varias pezas teatrais esperando seren publicadas.

Mar Maior

Manrique Fernández Vázquez

A friaxe da tarde non lle impediu mollar os pés na auga salgada da ría. Notou o seu frescor e un arreguizo percorreulle o fío do lombo, paseniñamente. O seu corpo miúdo e lanzal estremeceuse, pero non importaba. Nada importaba. Tiña que chegar á illa de San Simón como fose e, a falla dun transporte axeitado para acadar o seu desexo, decidiu facelo a pé.

A_marea estaba moi baixa e o acceso era doado mesmo para unha rapaciña coma ela, tan pouco afeita ao vaivén das ondas. Malia a brincadela do seu padriño de poñerlle o nome de Marina, a_súa familia sempre vivira de costas ao mar, artellando un futuro incerto a base de esforzo dende media ducia de pequenas leiras herdadas dos seus devanceiros, polo que a súa relación coa ría era pouco máis que contemplativa. Algún mergullo no estío para refrescar o corpo e a axitación natural cando chegaban á praia as barquiñas dos pescadores enchidas de pequenas capturas. Redes que atrapaban o arreendo a salitre, algas que aloumiñaban a madeira das embarcacións, mulles que abrazaban o corpo canso dos seus homes... O padriño insistíralle unha e outra vez en que aprendese a nadar, pero ela nunca se decidira por pura preguiza. Colleu as zocas na man, ergueu as saias e deu un paso.

O sol agochábase por tras de grandes nubeiros da cor da cinza que ameazaban co zorzallo. Sería unha tarde grisalla e tristeira, pero iso tampouco lle importaba con tal de chegar á illa.

Houbo de ser un presaxio ou, acaso, unha intuición, quen o sabe; pero Marina non se sentía cómoda cruzando a ría a pé. Apreciaba certa irreverencia no feito de camiñar sobre a auga os poucos metros que a separaban do areal da illa, coma se estivese arremedando o coñecido episodio bíblico de Xesús Cristo. Desbotou eses pensamentos e deu outro paso.

Unha pequena onda molloulle as canelas provocándolle outro arrepiño. Pensou que sería mellor desviar a súa atención da auga e lembrou que el estaría agardando ao pé da ermida, tal e como quedarán. Lonxe de olladas inoportunas, lonxe do marmurio das xentes da vila, lonxe das palabras perturbadoras de don Crisanto, o crego, que decote ameazaba co inferno máis temido calquera tentativa de achegamento entre persoas de distinto sexo. ¡Pobre don Crisanto, que pouco entende das necesidades da xuventude! pensaba. Cunha picardía que rozaba a candidez, deulle por razoar que se

Deus agasallara aos homes con algo tan fermoso como un amor de mocidade, de ningunha maneira podería ser considerado pecado. Asustouse dos seus propios pensamentos e persignouse ás carreiras. ¡Deus me perdoe!

Deu outro paso, e despois outro, e outro máis... A auga subíalle xa dos xeonllos e continuou camiñando, fincando os seus pés de nena na area do fondo da ría. Cando mergullou a cintura sentíu a friaxe con forza, como se as súas delicadas pernas fosen feridas polas espiñas da roseira que a avoa Ermitas coidaba na solaina da casa, no máis frío mencer de novembro. Espiñas cubertas de xeadas. Notou como lle petaban os dentes co frío.

Non tardou en decatarse de que o nivel da auga comezaba a baixar: estaba achegándose á illa. Sorriu. Si, sorriu coa boca e sorriu cos ollos, o corazón enchoupado de ledicia. E aquel sorriso no mirar podería competir coa estrela máis fulgurante do ceo. Acelerou o paso e saiu da auga case correndo.

O salitre da ría aínda lle escorregaba polas pernas abaixo, esas pernas esguías, tan ben contornadas, brancas coma neve virxe, vigorosas coma raíz do carballo, inocentes como a ollada dun neno... No areal, pousou as zocas no chan e calzounas, recompuxo a saia, recolleu o pelo que se lle botaba diante dos ollos e respirou fondo. Os seus pulmóns enchéronse de arrecendo a fiúncho, romeu e ruda; a piñeiro, buxo e castiñeiro. Un lavanco encetou o voo pasando moi preto dela. Marina deu un chímpeo e volveu sorrir pensando na súa cita.

Comezou a camiñar en dirección á ermida. Por fin, despois de tanto tempo agardando, poderíase atopar con el a soas. Mágoa do día tan borralento de comezo do outono.

Se o sol quixese facerlle un agasallo e alumear como sabe, sería unha xornada perfecta. A súa quentura anima os corpos, a súa caloríña vivifica, pero a ameaza de zarzallos contrista as ánimas.

Auga por riba, auga por baixo, auga todo ao redor, auga por todas partes...

Internándose no illote lembraba ao seu amor, o seu pelo longo e crecho da cor das castañas do San Martiño, os seus ollos grandes e namoradeiros do azul do ceo de San Xoán, a forza do seu brazo: un San Miguel loitando contra o dragón. E lembraba a dozura do seu falar, a súa habilidade tocando a fruta e a zanfona, e esas palabriñas tan bonitiñas que lle deitaba ao oído cando don Crisanto non andaba cerca...

O camiño non era moi longo e, segundo se achegaba á ermida, o arrecendo que enchía os seus pulmóns cambiaba de cor tornándose ledos e alga-

reiro. ¡Arrecendos de cores! ¡Debo de estar tola! pensaba. Si, tola por el, polo seu amado.

Entre pensamentos ledos, o carreiro chegaba á súa fin. A poucos metros comezaría a chaira que daba acceso ao santuario. O corazón de Marina acelerou o seu xa axitado bombeo.

Apresurou o paso para chegar o máis axiña posible. El estará agardando. Ten que estar, pensaba.

O sol seguía agochado por tras de nubes de chumbo cando veu a porta da ermida e comprobou que el non estaba. Andará por aquí, pensou, enredando coas herbas e as flores ou mirando a ría.

A primeira volta arredor da ermida foi en van. Non había ninguén.

A segunda foi unha volta nerviosa, ollando na procura dalgún rastro, unha pegada lixeira que acreditase a súa presenza polos arredores.

A terceira foi angustiada. ¿Como é que non está? ¿Onde se meteu ese lareteiro que me engaiolou con palabras fermosas para agora esquecerse de min? ¿Ou pasaríalle algo? ¡Deus non o queira!

Marina decidiu sentar nun penedo e agardar. Ten que estar a piques de chegar, non me pode facer isto. O sol, agora si, despuntou un momentíño por tras das nubes lanzando unha raiola que a ela lle pareceu un presaxio, unha luz de esperanza. Debe de estar a chegar, insistiu.

O buxo que tiña xusto á súa fronte debuxou unha sombra que se estendeu cáseque ata os pés da rapaza, pouco máis ca unha nena. Marina miraba o debuxo silueteado das pólas sobre a herba verde da chaira, o tempo detido, os ollos fixos no chan, o pensamento esvaído.

Pero a caloríña do astro durou só un intre e de seguida tornou ao seu agocho; a sombra da árbore foise difuminando paseniñamente ata desaparecer por completo.

Marina agardaba. Esperanza intensa, ollos caídos, a razón durmida. Os minutos pasaban coma relustros e a angustia comezaba a chamar á porta.

Aos poucos, a tristura volveu a sentar no trono da tarde despregando un exército de finas pingas de auga: o zarzallo, o maldito zarzallo tomaba posesión da illa. E eu aquí, agardando a chegada dese langoreteiro. ¿Por que non vén?

Mirou a porta da ermida e pareceulle entornada. Pensou que podería protexerse no seu interior e ergueuse do penedo espallando un acio de pingas de auga co movemento da súa cabeleira. De primeiras, costoulle mover a peza de madeira, pero os vellos gonzos acabaron cedendo logo de ceibar un chiar agudo e rosmón.

Ergeu a ollada. Veu a figura crucificada de Xesús Cristo presidindo o altar e botouse de xeonllos diante del. As zocas trecolearon sobre o empedrado mentras se achegaba á figura senlleira.

Apoucada, cos ollos enchoupados en bágoas, ergueu unha pregaría ao ceo.

O aire cargouse de incienso e de misticismo coas verbas inxenuas de Marina.

De súpeto, no medio do rezo, aparecéuselle o temor. Apareceu coma un destello, un foi e non foi, un latexo breve e intenso... Unha idea que atravesase diante das súas pálpebras por pura exhibición para despois fuxir. Marina turrrou dela para examinala e foi entón cando se decatou. ¿Como regresar á casa se el non aparece? Chegara á illa aproveitando o refluxo da baixamar, pero o tempo que levaba agardando era suficiente como para que as ondas da ría reiniciasen o seu eterno retorno para bicar a area; coma nunha despedida infinda.

A conciencia da súa situación tronzou as pregarías e o seu nerviosismo foi crescendo de xeito paulatino. As zocas volveron trecolear sobre o empedrado mentras se dirixía á porta.

Saíu fóra e botou a correr cara á praia. As pingas do zarzallo empaparon o seu pelo negro, pero a friaxe da tarde non conseguía apaciguar o seu estado de ansiedade. Como teña que pasar aquí a noite hei morrer co frío, pensaba. O vento mareiro petoulle de súpeto na cara nunha reviravolta do camiño, preto xa da auga salgada.

Cando verificou a altura das ondas botouse a chorar bágoas de carraxe que se misturaron nas súas meixelas coa suor da carreira e as pingas do zarzallo. ¡Se tivese aprendido a nadar, como me dicía o meu padriño!

Marina chorou desconsolada e todos os peores presaxios foron atopando oco na confusión do seu pensamento. Quedaba pouco día e comezaba a tremer co frío e a molladura, axeonllada sobre o areal.

A un lado Cesantes, ao outro Cotorredondo, e eu vou morrer aquí, soa, rodeada de mundo.

Sentiu a súa xuventude e todas as vivencias que lle quedaban por experimentar, sentiu a súa inocencia, a súa febleza, a súa paixón, a súa galanura adolescente. Unha bágoa descolgouse da súa faciana para caerlle nos pés e percibiu a súa mornura lene. E todo por agardar por el: que pouco fiables son os homes, son coma cataventos que move o aire ao seu antollo, e eles déixanse levar. Seguro que atopou outra máis fermosa ca min e esqueceume, sen máis.

O zarzallo ameazaba con se converter en barruzo, mesmo en treboada. Marina tiña os ollos vermellos e lixeiramente abombados e unha sensación de angustia como nunca antes vivira. Cercáronme as ondas agardando por el, e el non veu. E agora atópome soa, lonxe da casa, morta de frío e co corazón esnaquizado. Cada un dos pedazos era unha agulla que se lle cravaba no máis profundo do seu ánimo.

Por un intre, a auga cesou. Unha luz bateulle nas súas pupilas húmidas e dilatadas obrigándoa a pechar os ollos de vez. Era, con toda probabilidade, a derradeira raiola do día, que sorteaba as nubes grises coma lousas para se despedir; era o adeus do sol antes de se afundir no mar. Marina ergueu a cabeza e deixou que a mornura do astro lle petase na cara. Despois abriu os ollos e mirou cara á ría.

Non puido percibir moi ben o que tiña diante, as bágoas convertían as formas en sombras difusas, pero xuraría que algo se movía no medio da auga. Secou os ollos co reverso das mans e volveu mirar. Agora estaba claro: era unha pequena barca guiada por un rapaz. ¿E será el? Dun chimpó púxose en pé. Había pouca luz e costaba traballo diferenciar os contornos da silueta, pero ela xuraría que si.

—¡Mendo! ¡Meendiño!

O rapaz da barca ergueu a cabeza e fíxolle un aceno coa man. Xa non había dúbida. Era el.

O encontro no areal foi unha viaxe ao Edén.

Ela botoulle os brazos arredor do pescozo e bicouno nas meixelas, el apertouna con agarimo contra o seu corpo e prestoulle quentura. Houben morrer, Mendiño. Cercáronme as ondas grandes do mar mentres agardaba por ti, e eu sen barca nin barqueiro que me rescatase... ¿Onde te metiches, maldito trobeiro? Eu atendendo por ti e ti non viñas... ¿Onde estabas, Mendiño? ¿Facéndolle as beiras a outra coas túas cantigas e as túas verbas floridas? Rezei no altar da ermida e ti non viñas... ¡Non viñas, loubán, non viñas...! E chorei por ti e por min... Tiña medo, moito medo... ¡E ti non viñas...!

El bicouna non beizos con paixón e ela calou de súpeto. No silencio da bocanoite deixoulle caer ao oído verbas tranquilizadoras: xa estou aquí, Marina, xa estou aquí.



Xosé Farruco Graña Rama

Nado en Carballo (1966) e establecido en Ribadeo, Farruco GRAÑA é profesor de Filosofía en Tapia de Casarego (Asturias). Como narrador publicou a novela *"O bosque de Nadgor"* (2007) e participou en diversas obras colectivas, como: *"A Coruña á luz das letras"* (Editorial Trifolium. A Coruña, 2008) co artigo: *Viva a República!*, ou tamén: *"Follas de Carballo"* (A.C. Lumieira. Carballo, 2011) co relato *O monxe voador*.

Ao longo do curso 2012-2013 publicou por entregas o relato *"O soño de Xoán"* no semanario ribadense *La Comarca del Eo*. Nesta novela curta relátanse as peripecias polas que pasa Xoán Lourido, mozo ribadense afeccionado á astronomía e á astroloxía, que é condenado a principios do século XVII por posuír un borrador do *Somnium* de Kepler.

Así mesmo, colaborou na edición do libro homenaxe ao ensaísta e dramaturgo ribadense Daniel Cortezón co artigo *Cortezón e a saudade*. Ten desenvolvido, ademais, un intenso labor como articulista, en medios como *Vieiros*, *Xornal de Galicia*, *Praza Pública*, *La Comarca del Eo*, *La Voz de Galicia* (nas súas edicións de Carballo e da Mariña luguesa), *El Progreso-A Mariña*, *Crónica3-A Mariña* ou *Galicia Confidencial* entre outros.

O tren de Vilaoudriz

Xosé Farruco Graña Rama

Despois de deixar ao seu fillo na aula seis co profesor de guitarra, Xocas aproveita para escoitar durante uns minutos o bo facer da Banda de Música. Inevitabelmente, vén á súa acordanza, sempre á de todos os seus compoñentes cada vez que acariñaban os seus instrumentos, a figura de quen tanto esforzo dedicara á realización do meirande soño musical da zona. Nesta ocasión estaban a preparar a *Negra Sombra* de Juan Montes para o concerto do Día das Letras Galegas. A Coral Polifónica habería de acompañalos poñéndolle voz ao poema de Rosalía de Castro. Uns e outros, á beira da capela da Nosa Señora da Trindade, no miradoiro da Atalaia, han de proclamar aos catro ventos a festa das letras.

Tras abandonar a Casa do Mar diríxese cara ás Catro Rúas. Na conxunción de San Francisco con Vilafranca atópase con D. Ricardo, o propietario da imprenta *Letras Gallegas*, que abandonaba o seu negocio, sito no edificio dos Catro Irmáns. Vilafranca abaixo diríxense cara á Cova da Vella.

D. Ricardo é un vello empresario ribadense que de mozo mercou a imprenta que de sempre houbera na vila. Naceu nas Figueiras. De pai asturiano, de dita vila, e nai galega, da parroquia da Devesa, D. Ricardo afincouse en Ribadeo nos anos 60, pouco despois de rematar os seus estudos na Laboral. Cando abriron a ponte e deixaron de atravesar a ría as lanchas dos Tapiegos, dos Fraga e dos Candao, entre As Figueiras e Ribadeo, ben que agradeceu a comodidade da nova infraestrutura, mais tamén lembraba con nostalgia os desprazamentos en barco para ir estudar ata a Academia, no Patín, e despois a Laboral, no Xardín. Algún que outro bico conseguira arrincarlle ás mozas nos desprazamentos pola ría. Pero os que máis lle gustaban eran os que lle fora conquistando a Elvira cando se agochaban debaixo das escaleiras que levaban ao primeiro andar da vella Academia. Ao pouco de casaren, e grazas á herdanza recibida dun seu tío avó que fixera as Américas na Habana, decidiu facerse coa imprenta *Letras Gallegas*.

Os vellos propietarios desta imprenta sempre apoiaran á Banda Municipal de Ribadeo. Dona Elvira, que nalgunha ocasión tiña colaborado co grupo de gaitas *Saudade*, estaba moi interesada en manter esa cooperación. Cando en outubro do 66 se fixo un concerto en recoñecemento ao seu labor continuado de apoio á música ribadense ao longo de todo o século, dedicáronlle o pasodobre *As campanas d'Anllóns*, de Rogelio Loureda. Entre o público, Gadía comentáballe ao seu fillo máis novo, Pepiño, o ben que o esta-

ba a facer co saxo o seu irmán Afonso e o feliz que se debía sentir o seu avó, don Luís.

Entran D. Ricardo e o Xocas na Cova da Vella e sentan moi preto da cristaleira do local. Como fondo, unha pasarela de cemento por mor dunhas obras que estaban a realizar na rúa Rodríguez Murias.

Collidos do brazo, como se foran unha parelliña de namorados, o señor Antón e a señora Gadía locen aos seus 82 anos un mirar agarimoso que fai os seus paseos máis prazenteiros. Viejo Pancho abaixo camiñan cara á capela de San Miguel, despois de ter botado unha ollada ao escaparate da tenda de antigüidades de Maruxa. O seu pai quería facer del un bo labrego, pero puido nel a arte da costura que fora aprender á Veiga da man de Perfecto Muruais. Xastre por convicción, sendo moi novo aventurouse a abrir os ollos á luz da razón. Simpatizante da causa galeguista, non puido formar parte do grupo de vinte e cinco persoas que conformaban o Partido Galeguista naquel momento na vila ribadense. Era aínda un rapaz, mais as ganas non lle faltaban. Para Antón fora un orgullo bordar a bandeira galega que se izaba cada ano na Praza de Abaixo ao se celebrar o Día de Galiza. Devecía por ir ás reunións da rúa Rodríguez Murias ou do forno de Agustín Rodríguez onde, ao mesmo tempo que levedaba o pan, a ilusión dunha alba gloria collía pulo. Cando se celebrara un mitin en Ribadeo a prol do Estatuto, o señor Antón, daquela un mociño, lograra achegarse á vila desde Porto cun veciño seu para escoitar a Castelao. A verdade é que ao seu pai agradáballe escoitar falar a D. Domingo Rodríguez das posibilidades de desenvolvemento agrario e a D. Claudio Pérez Prieto defendendo o cooperativismo como xeito de organizar o agro. Cando Castelao se achegou ata Ribadeo, o señor Manuel non puido asistir ao seu mitin, mais vendo a inmensa curiosidade do seu fillo deixouno ir cun amigo de confianza ao Teatro Ribadeo. En xullo do 36, tras a aprobación do Estatuto, ía ingresar nas Mocidades Galeguistas. Xa na campaña do mes de febreiro apoiara o voto á Fronte Popular.

A señora Gadía naceu en Santiso de Abres, no barrio da Carretera. Veu ao mundo coa primavera do 19, un mes antes que o seu Antón. O seu pai, xastre da zona, sempre valorou enormemente as tradicións da súa xente. Festas como o magosto ou o entroido, ademais das do verán, especialmente o San Xoán, enchíanos de ledicia. Axudar a apañar as castañas, preparar a comparsa do carnaval, colaborar co Centro de Instrucción aportando vestuario para as súas representacións teatrais... o pai da señora Gadía, don Luís, lector incansábel de *La Argallada*, tivo tres fillas. Degoxaba un varón, mais o

azar da natureza non lle quixo conceder ese seu soño. Os novos aires dos anos trinta para a muller tamén entraron na súa casa. Acostumado a tratar con varóns e femias polo seu oficio, a coñecer as pequenas miudezas que todos agochamos tras a boa feitura dun traxe, don Luís deixou, propiciou, que as súas fillas asimilaran o frescor das novas maneiras de entender a vida. Se ata un frade como Sarmiento foi quen de reconecer o papel que lle corresponde á muller, por que non ía facelo el dous séculos despois? Por que non ía poder ter un descendente seu na Banda de Vilapena, porque llo negara a natureza?

Cando o verán do 36, a súa filla Gadía pedíralle refuxio para o seu namorado, que probabelmente podería correr perigo en Ribadeo, pois as tropas vidas de Lugo estaban comezando a rodear a vila pola estrada de Uviéu e máis pola da costa, cara a Lugo e Viveiro. Desde Lourenzá, un capelán acompañaba ao batallón para atoparse nas Figueiras cun amigo seu, tamén crego, ao que lle gustaba louvar as bonanzas da baioneta como arma entrañábel. Non sen esforzo, Antón conseguiu fuxir desde Santa Cruz indo por Cedofeita e atravesando pola Valboa. Don Luís, que sentía certa afinidade co rapaz, decidiu axudalo. Esa defensa do propio que levaban a cabo el e os seus espertaban no xastre de Santiso unha simpatía intuitiva. Durante quince días, o mociño ribadense estivo agochado nun palleiro dun curmán seu en Vilela de Abaixo. Unha patrulla de falanxistas case o descobre mais, cuberto de estrume, a sorte quixo que ningún dos gallos da forcada atravesara o corpo de Antón. Ata que se calmaron as cousas estivo agochado en Vilela de Abaixo facéndose pasar por criado do parente de don Luís.

Durante ese tempo, Gadía e Antón selaron o seu amor por sempre. En teoría, a muller do curmán de don Luís cosíalle pezas casadas, pero quen de verdade o facía era o novo xastre. E a Gadía tocáballe levarllas. Era entón cando estes dous mozos gozaban do abeiro namoradeiro das medas e do engado do cabazo da casa. Dez anos despois de se coñeceren, o señor Antón e a señora Gadía retornaron para Ribadeo. Ao longo do último ano, antes de regresaren, don Luís estivo a facer xestións para mercar un baixo na rúa Rodríguez Murias, na casa de Sarmiento, fronte ao edificio dos Perecitos e a Casa Americana, e abrir nel unha xastraría. Mentres que o pai se dedicaba ás cuestións mercantís, Gadía víase cos que ían ser os seus sogros para lles dar novas do seu fillo. Facían por se ver no Español se a visita do xastre de Santiso caía a mércores. No verán do 43, ao pouco de abrir o novo negocio, o señor Antón e a señora Gadía paseaban polo Campo de San Francisco e rememoraban as cancións do Coro Cantigas da Mariña e a música do órgano de man co que despois improvisaran un baile no Cantón. Unha nova vida agromaba co brillo do ceo rubián.

Tras saudaren o señor Antón e a señora Gadía a Luz, que volvía da casa do Patín de entregar un encargo para a familia, esta respóndelles cun sorriso a xeito de aceno. *“Que ben aproveitan a tardía”*. Luz naceu nas Figueiras. Filla dun funcionario avilesino destinado en Correos nas Figueiras, e dunha administrativa de Barres que traballa no Instituto de Tapia, desde moi cativa viu como, sendo asturiana, os seus curmáns por parte de pai non acababan de vela como unha máis da familia. Non lle querían mal, mais en ocasións sempre acababa saíndo a mesma cantilena: *“como yes mediu gallega...”*. De cativa, iso enfurruñábaa moito, mais cos anos e a base de convivir cos do outro lado da ría, acabou por comprender que ela era como era e que, ou se aceptaba así, ou xa non era a mesma.

- Que tal, amor?
- Ben. Estou a piques de saír de Taramundi. Espero chegar a iso das nove. Vémonos despois de cear?
- Case mellor quedamos para picar algo, que non quero ir ata As Figueiras, vale?
- Entón vémonos no Rolle. Un biquiño.

Luz só tivo un mozo. Desde entón xurou que non volvería saír cun home que a tratara daquela maneira. Novo si, pero á vella usanza. Moita moto e chupa de coiro, moita gafa de sol e táboa de surf; mais a súa mente vivía ancorada no pasado. Os homes están para o que están e as mulleres xa sabemos para que están. Durante dous anos todo foi moi ben. Ela limitábase a cumprir o seu papel de muller, de moza de. Mais pouco a pouco foise decantando de que a súa paixón ensumíase na rutina dunhas pautas cada vez máis repetitivas. Non había lugar para a imaxinación; os papeis estaban perfectamente definidos. El, dominante; ela, sometida. E cando el se puxo a traballar o seu ensoberbecemento resultaba insoportábel. Nunha primavera comezou a se dar conta de que xa non sentía nada... nada por el, nada por ningún outro. Un día fermoso de sol do namoradeiro mes de maio achegouse á xastraría do señor Antón para tomar as medidas dun traxe, pois aveciñábenselle compromisos sociais para o verán. Pepe, o fillo do señor Antón que agora rexentaba a xastraría, pediulle a Estela, unha dependenta que levaba con eles dous anos, que lle tomara as medidas mentres el ía facer un par de recados. Nada máis comezar co labor, tanto Estela como Luz notaron que algo especial estaba a ocorrer. Estela levaba vantaxe: a experiencia do traballo permíttalle disimular os sentimentos e gardalos para si. Mais Luz, tan necesitada de afrouxar as rendas que retiñan os seus, non foi quen de se conter. Mi madriña querida! Alá foi polo mes de maio que as dúas descubriron o seu amor dun xeito para elas tan novo.

Estela achégase á tenda de Manín por un par de botellas de auga fresca. Segundo ela entra, a camareira da Cova da Vella sae cunha bolsa de limóns para repoñer existencias.

Haber houbo muralla, aínda hoxe podemos ver algúns dos seus restos. Mais tamén houbo sempre portas abertas para todos aqueles que gorentaban unha vida emprendedora e chea de oportunidades, que degoiraban cultura e tradición de seu. Sobre a porta da Cova da Vella, ou tamén da Pena, reaparecía a muralla despois de se perder xunta da Atalaia. Nos andeis da librería Cervantes os textos de historia local e as láminas que reproducían a vella vila de Ribadeo daban boa testemuña de todo isto.

- Por favor, María, ponnos... –pregúntalle cun aceno ao señor Ricardo que quere.
- Unha clara.
- ...e eu unha cana de cervexa, grazas.
- Vaia! Veláí vai a miña sobriña. “Ai, Alicia, se tiveras feito as cousas doutra maneira” pensa para si D. Ricardo, aínda que non o recoñece cara aos demais porque xa non se estila ser tan tradicional en certas cuestións.

D. Ricardo non pode evitar acordarse da súa sobriña sendo unha cativa. Xogaba moito con Sito, o que son as cousas, o sobriño de D. Alfonso, de Castropol, o dono dunha imprenta que mantiña unha loita sen cuartel coa súa empresa. A familia de D. Alfonso remontaba a súa orixe a unha liñaxe ribadense que alá polos comezos do século XIX se establecera na vila asturiana para fuxir do pago abusivo de impostos ao bispado de Mondoñedo. A súa necesidade de se reafirmar fronte ás súas orixes levábo a acentuar o seu sentimento de rancor cara a todo o que procedera do outro lado da ría.

- Verás, Xocas, a rapazada do teu tempo educouse na ilusión de querer cambiar moitas cousas, sen se parar a cavilar nas consecuencias. O mesmo me pasou con Xosé Luís, o mozo este que veu desde A Coruña cun montón de ideas novas para a imprenta, pero que case a leva á creba. E eu que pensei que xa lle podía deixar o negocio ao fillo e vai este e, en vez de se poñer a traballar nela, contrata a alguén de fóra como redactor e corrector e ponse a mocear coa rapaza máis guapa da provincia. Vaia antollos que lle acordaban!.

Non me quedou máis remedio que petar forte na mesa e volver deixar as cousas como estaban.

- No entanto, ao Xosé Luís foille moi ben, polo que teño entendido, en Viveiro.
- Non me veñas con andrómenas, tiña unhas ideas moi perigosas para a miña empresa e a miña situación aquí, á beira de Asturias. Eu teño que pensar na xente de alá tamén, que o negocio é o negocio. Non podo andar con contos.

D. Ricardo é un empresario á vella usanza. Coidaba que había que ir con sixilo pola vida, que non se notara de onde era, pois podía espertar receo. Como home de negocios, pensaba el, había que agradar á xente, case servila. Ademais, demo de mozos que andan por aí con ideas radicais enganados por catro intelectuais, en política non había que se meter para nada. Só dedicarse á empresa. E non ter moita ambición cos veciños. Outra cousa é que a eles lles guste vir por aquí. Que está moi ben.

- Oes, Xocas. Apréciote muito, pero creo que estás tratando en exceso o tema da relación entre un e outro lado da ría. Tes que deixalo por un tempo. Date de conta de que aquí temos moita xente que veu do outro lado, eu mesmo por exemplo, e non convén andar dándolle voltas ao asunto; non si?
- Parece mentira, D. Ricardo. Non teña medo, que non pretendo nada do outro mundo. Mais tamén coído que se non podemos pensar o que nos ocorre, se temos que calar porque si, polo que dirán outros, que sempre o farán interesadamente, entón non nos queda nada que facer. Tampouco a vostedes os empresarios.
- Non estou de acordo, Xocas. Aínda onte me pasou que unha señora se me queixaba na imprenta de tanta polémica polo do tema lingüístico e de tanta política e tanta trapallada.
- Mire unha cousa, D. Ricardo. *A Imprenta Vetusta* non acepta encargos de xente da Mariña?
- Si, claro. E ben que me doe, pero hai liberdade de mercado.
- E vostede viu que o dono de dita imprenta se mordera a lingua algunha vez?

A conversa chega a un punto e a parte. D. Ricardo vai ata os lavabos. Mentres, Xocas ve pasar a don Manuel e achégase para saudalo. Pregúntalle polo seu fillo e coméntalle que, despois de moitos anos, por fin conseguira vir para A Veiga grazas a que unha profesora de Llanes se fora para Avilés.

Ao vello zoqueiro de Espansande ben que lle gustaría que o seu fillo continuara o seu labor, mais unha granada dos tempos da guerra civil perdi-

da no medio do monte tinxiu de negro a fonte de luz que orientaba unhas mans habilidosas coas que xa desde moi noviño xogaba coas gubias no taller do seu pai. Esa mesma habilidade haberíalle de servir para manexar a máquina de escribir en Braille e tamén para facer soar todo canto instrumento caera nas súas mans. Cando un seu tío soubo que o seu fillo estudaba música aproveitou para encirrar nel: «coa desgracia que lle caeu enriba ao Manuel e aínda quere mete-lo fillo a gaitero; támosche bos!» Un sobriño de don Manuel acabárase convertendo no seu herdeiro de profesión.

Visitaban todas as feiras da contorna a unha e outra beira do Eo. De Boal a Foz e Burela, ou de Navia ata Mondoñedo e Riotorto. A don Manuel a súa experiencia serviulle para coñecer moi polo miúdo ás xentes dun e outro lado. Os matices sempre os calibrou ben; e as semellanzas, tamén. Cada vez que o zoqueiro de Espasande se atopaba con Xocas nunha feira habían de ter os dous un momento para falaren de velas tradicións, de costumes aínda vivos. O ribadense de adopción aproveitaba para amosarlle ao vello zoqueiro os riscos dunha sociedade en transición, en proceso de cambio. E don Manuel remataba coa defensa sen reparos da súa singularidade. «Aquí, Xocas, sempre vivimos neste constante mirar cara a un e outro lado. Esa foi a nosa riqueza: a constante tensión entre unha e outra beira. Por iso somos unha mesopotamia, unha terra entre dous ríos. E tanto puidemos desenvolvernos mirando cara alá como cara aquí. Sempre que nos fixamos exclusivamente nunha vertente puxemos fin a unha parte do noso tesouro. Tras anos de tanta semente intolerante de novo parece que aceptar esta diversidade supón un esforzo enorme. Como se tiveramos que dar explicacións, por nada. E nós, aquí, nesta terra entre dúas augas, entre dous fogos. Non nos podemos comportar como uns novos ricos nin deixarnos levar polos cantos de serea dos que ata hai ben pouco nos chamaban “gallegos” con ton despectivo. Se nos deixamos utilizar como ariete contra as vosas empresas para defender os intereses de catro xerifaltes do mundo dos negocios do centro de Asturias, mal acabaremos. Somos nós e non queremos ser ninguén máis. Pero sendo nós hai quen non nos acaba de aceptar como somos porque lles parece que somos outros. E mesmo da vosa beira, Xocas, ás veces atopámonos con algunhas xentes que, por sentírennos tan preto deles, quérennos facer como seus. E nós queremos ser nós mesmos, sen por iso ignorar o que fomos sempre e o que sempre falamos. Non nos podemos imaxinar que vimos da nada: quen iso faga estará a ignorar a realidade. Pero temos que decidir cara a onde queremos ir. Seremos quen de facelo con acerto? Será o mundo quen de aceptalo?»

Para sorpresa e ledicia do de Espasande, de novo Alicia pasa por Rodríguez Murias cos seus fillos e agora ademais co seu marido. Os cativos soñan co día no que poidan comezar a tocar os clarinetes dos seus pais.

A Alicia gustáballe moito ver como se facía un xornal. As pranchas de linotipia eran un dos seus caprichos. Sempre que podía collía un feixe de letras para xogar con elas. Ademais, iso de ter que lelas do revés dáballe ao xogo un engado especial. Así foi como se afeccionou aos palíndromos, decañándose, en contadas ocasións, que o mesmo lía o texto de dereita a esquerda, que de esquerda a dereita. Descubriuno un día que publicaban un artigo titulado *Sopapos*. Nada do outro mundo, un paisano que se deixou medrar pola cervexa no campo de fútbol e lle quixo dar un par de lapotes ao árbitro. Logo lle pararon os pes. O xornalista da Comarca que estaba a ver o partido non desaproveitou a oportunidade. O tipógrafo, un señor de Reinante de baixa estatura, tamén acabou engaiolado pola maxia das palabras invertidas. E ás veces algo enfurruñado porque Alicia, o sorriso inmenso de ollos azuis que aledaba a imprenta do edificio dos Catro Irmáns, agocháballe o tallo que usaba para colocar as pranchas na parte máis alta da mesa.

A Alicia tamén lle gusta o fútbol. Era unha cativa moi aberta, alegre e sen ningún complexo. O mesmo tiña tempo para os libros, para aprender a facer un bordado, ver como se fai un xornal ou practicar deporte cos seus amigos. Pois claro que ten amigas! Pero cun pouco máis de vergonza ca ela e que non se atreven a xogar á pelota cos rapaces. Alicia non ten zocos, pero picardía non lle falta; os outros rapaces tampouco, que nos setenta xa a penas se usaban, pero como se os tiveran. Mais ela era moi esvaradía e librábase ben dos golpes. Ben, de todos non, que ás veces a nai non sabía como facer para poñerlle unha faldra nalgún día sinalado.

O zoqueiro de Espasande sempre atopaba o momento para lle contar a Alicia algunha que outra lenda e tradición que lle facían brillar aínda máis os seus ollos. Cando a cativa se achegaba co seu pai ao mercado procuraba facerse con algunha larpeirada e tamén saudar a don Manuel. Este, correspondíaa cun conto tradicional, ou simplemente con algunha anécdota curiosa de Santiso. Tardou algún tempo en comprender como era posíbel que un xastre puidera tomar as medidas para facer un traxe desde unha beira do río estando o cliente do outro lado. “Iso non pode ser, don Manuel; vostede está a contarme unha trola!” “Non tal, ruliña, que o teño visto cos meus ollos en Severón!”

O pai de don Manuel nunca cansou de ler os libros que podía ollar no *Centro de Instrucción*, na *Biblioteca Popular Circulante* de Castropol e na de Ribadeo. En tempos en que o acceso á cultura non era doado había que aproveitar todas as oportunidades. Entre os libros de historia e as novelas de ficción íanselle horas e horas de lectura. Gozaba, especialmente, das de Xulio Verne. Comentar con D. Gregorio Sanz a última novela que lera ao mesmo tempo que, na barbería de Xesús Pulpeiro, un cortaba o pelo e o outro agardaba a súa quenda, era todo un pracer. Porén, ao seu curmán, que despois

de botar uns anos en Ribadeo, acabou emigrado en Xixón, parecíalle moito ler, querer ser listo demais, para alguén que ía de feira en feira. Mesmo ás veces lle resultaba perigoso e sospeitoso que o Manuel fora buscar libros a sitios que el consideraba un pouco raros e algo dados ás ideas radicais. Entre vaso e vaso, o viño afogáballe a pouca valentía que tiña, mais a ilusión de que os do cangrexo lle deran un bo susto ao vello zoqueiro de Espasande non lla quitaba ninguén despois duns bos grolos. Pero o pai de don Manuel, sempre que podía, mergullábase baixo dos mares de tinta e imaxinábase o capitán Nemo á procura dun Moby Dick polo inmenso océano das letras. Ao seu fillo nunca lle faltou o alento dese devezo de coñecemento.

- E a ti, gústache el fútbol, nenía –aproveita a escusa o patrón do barco dos Candao para achegar a Alicia á cabina de mando e deixarlle levar o temón.
- Si que me gusta, capitán Xoel. E á miña avoa tamén lle gustaba, que ía moitas veces ver os partidos de fútbol do seu mozo, do Sporting Ribadense, que xa desde neno corría detrás do balón no campo da Faxarda.
- Pois, sabes?, el meu padre ten levado dun lado a outro da ría a moitos xogadores e a estudantes que participaban en festas de confraternidade.
- E deixáballes levar o temón?
- Nuha ocasión si que lles deixou a uns mozos de Ribadeo, que foran xogar con el noso equipo das Figueiras a Villapedre. Gracias a eles ganamos el partido nel último minuto.
- Pois eu tamén marquei un gol onte xogando cos meus amigos, e marqueilo pola escuadra.
- Mira, alí está Marinía á porta del Marinero; debe andar a voltas cos recados. Halle fer boa falta el tempo. Como non se apure, o barco dos Busto ha de partir sen eles cara a Castropol. Sabes quen é o nenín que vai con ela?
- Sei –comenta Alicia cun sorriso doce e coitado que comezaba a agochar algo máis que a ledicia de ver a un amigo.

Sempre que podían, Alicia e Sito subían á Torre dos Moreno. Entre as súas paredes estendíanse os confíns dun inmenso mundo cheo de aventuras, sensacións encontradas e sentimentos compartidos. Cuns vellos prismáticos do avó de Sito, mariño mercante que percorreu medio mundo, os dous prácticos da ría de Ribadeo xogaban a dirixir a entrada de todos os bar-

cos cara a Porcillán, Mirasol, As Figueiras ou Castropol desde a torreta tra-seira. Cando desde alí vían que se achegaba o seu amigo, o capitán Xoel, baixaban ao miradoiro para saudalo. Tamén acabaron coñecendo cada recuncho do edificio xogando ás agochadas e procurando acubillo para contárense cadansúa historia ou lenda e os seus pequenos segredos. No almacén que hai entre as dúas torres teñen levado algún susto a conta dalgún que outro rato rebuldeiro que andaba á procura de alimento. Con algunha vella partitura dos pasodobres *Ribadeo* ou *Galicia-Asturias*, imaxinábanse dirixindo unha banda, Sito, e dando vida aos instrumentos, Alicia. O palco, a torre principal, rodeada de ventás abertas aos catro ventos e coroada por un coro de cariátides que sosteñen a cúpula final.

Nunha ocasión na que o vello pescador andaba con problemas de saúde, o mozo que o substituíu acabou encallando pouco antes de enfiar entre o tesón grande e o mediano. Houbo que agardar un bo anaco a que a marea puxera fin a tan embarazosa situación para o aprendiz. As xentes con ocupación laretaron canto puideron sobre o inexperto capitán e ben que o amolaron coas súas miradas a fite. Sito e Alicia, que estaban recollidos diante da cabina do barco contándose a historia da Searila, deixáronse levar pola emoción e selaron os seus sentimentos cun beixo que ía máis aló do frescor dos seus beizos.

Co paso do tempo, Sito foi mudando. Ao se facer un universitario rachou definitivamente coa súa infancia, coa súa frescura e espontaneidade. O seu tío, D. Alfonso, foi facendo del un mozo da capital. De provincia, máis que nada; pero de capital, a fin de contas. O afán irrefreábel do tipógrafo carballón por arranxar a vida dos demais conseguiu facer do Sito un novo mozo, Alfonso, que só vivía para trunfar e acadar o éxito. Calquera vestixio do pasado, seu persoal, ou das vellas tradicións da súa vila, foi deostado e substituído por novos valores de urbe cosmopolita. Nin que dicir ten que deixou de *falar* e pasou a se expresar nunha aséptica lingua cervantina. O máis impresionante de todo é que trocou o seu devezo polo vocabulario mariño inglés, que lle aprendera o seu avó, por unha aparente autosuficiencia lingüística que lle facía mirar só para o seu embigo. Que aprenderan os demais o del; para que se ía molestar!

Namentres, desde o miradoiro traseiro, onde ás veces bailaban ao son da música que eles mesmos cantaruxaban, Alicia ollaba cara ao leste achando de menos os momentos compartidos co seu Sito. O devezo ensumíaa. Unha anguria saudosa espaxéxía o seu sentir por entre o orballo do Cantábrico, que pouco a pouco ía murchando as notas do *"Pensando en ti"* espalladas polo tellado da Torre. Mesmo as cunchas de cerámica vidrada semellaban perder o seu brillo tornasolado. Porén, pouco a pouco o seu sorriso pesaroso foi recobrando intensidade e brillo. De novo o amor habería de

reverdecer no seu corazón e daría pulo aos seus sentimentos a través do son de dous clarinetes. No entanto, non podería agromar de novo en Alfonso, quen endexamais chegará a vivir coa mesma intensidade os sentimentos dun namorado. Se aldraxas a semente dunha rosa, tan só poderán abrochar espiños. Ata certo punto, o noso mozo requintado poderase sentir feliz e ver colmadas as súas aspiracións. Mais quen renega de si mesmo para non se parecer a ninguén nunca se poderá realizar plenamente. Sempre lle faltará algo. E háselle notar mundo adiante.

Tras estacionar o coche na Avda. de Galicia, á entrada de Taramundi, Estela vai cara á tenda de Pilar Quintana. Soubo dela nunha Feira de Artesanía en Viveiro. O seu licor de arandos engaiolouna. Tamén, o seu saber facer co liño. Unha vez que viu como traballaba co tear, entón si que quedou fascinada coa súa artesanía. Levaba un par de meses dándolle voltas ao regalo que lle quería facer ao seu sol. Dubidaba entre unha xoia ou unha blusa. Xa mirara varios pendentos, mais ía poder gozar moito mellor de toda a súa beleza contemplándoa nunha blusa de liño de media abertura con puntilla nos bordes e con pregamentos laterais.

Son tempos difíciles para o amor sincero entre unha rosa e un caravel. Dúas flores que ben poderían iluminar a ilusión e brillo duns ollos que se abren e dun corazón que latexa con forza ao descubrir un sentimento acubiñado durante anos. Xa for innato, ou adquirido cos vaivéns da vida, ese amor está a ser aldraxado polos carreiros espiñentos domeados pola intransixencia que obriga a agochase, á reclusión, á propia negación. Mais cómpre saír á luz, amosarse como un é; só a experiencia vivida no mundo dará sentido e forma ás propias vivencias.

Cada vez que D. Ricardo vía á súa sobriña desde a cristaleira do Cantón botaba contas do enfado de D. Alfonso de chegar este a saber da relación de amizade entre o seu sobriño e Alicia. Aínda que co paso dos anos foi abríndose aos novos tempos, D. Ricardo sempre acababa tendo uns ramallos moi tradicionalistas. D. Alfonso facíalle fronte á súa empresa sen miramentos; no entanto, o tipógrafo ribadense andaba con panos quentes cada vez que tiña que se referir á actitude máis que belixerante do impresor carballón. Iso si: gabábase moito das ceas homenaxe que lle brindaban xentes dunha e outra beira en recoñecemento ao seu labor profesional e calidade humana. Porque todo o reducía a iso: a ser unha boa persoa.

Cando pasaron por xunto da Solana, o señor Antón e a señora Gadía fixéronlle carantoñas a un canario que tiñan á beira da ventá. E, como non, viñéronlle ao acordo os paxariños que vendía Fernando, do Saión, pintor de profesión. A eles tamén lles tocou un espécime moi especial, deses aos que lles mudaba a pluma e viraban acastañados. Nunca lle gardaron rancor. Os tempos da posguerra foron moi duros, eles mesmos o puideron comprobar, e a xente avivaba o enxeño da maneira máis insospeitada. E os sorrisos agromaban de orella a orella cada vez que había unha boa marea de xurelos que escorrentaba a fame por un tempo.

Ben que se mediu Fernando de llos vender a D. José e D. Jesús. Os dous cregos eran moi amigos de dar os seus paseos pola rúa Rodríguez Murias ata San Francisco. D. José achegábase en lancha desde As Figueiras; D. Jesús en besta ata San Miguel e desde alí no coche de liña. Os cregos congratulábanse de ter axudado a concelebrar o casamento de Franco na igrexa de San Juan del Real, en Uviéu. Os dous estudaran no seminario carballón e coincidiulles estar alí de diáconos cando o casamento. D. José, de Luarca, e D. Jesús, de Ribadeo, os dous sentíanse como defensores espirituais das dúas marxes da ría. Era tal o seu afán por custodiar os valores patrios que na veciñanza xeraron un enorme sentimento de desconfianza e medo polas consecuencias imprevisíbeis do seu fondo rancor.

Ao rematar o paseo Antón e Gadía sentaron nos bancos do Cargadoiro. No tren que ata alí chegaba teñen viaxado en moitas ocasións. Para a señora Gadía, acercarse ata alí era como achegarse ao seu barrio da Carretera, despois de ter entendido viaxe desde Ribadeo.

D. Alfonso sempre soubo sacar peito. Non lle tremeu nada a gorxa cando tivo que cometer perxuro para se librar dun operario incómodo para el e o seu capataz. Fredo, un mozo de Tol, que fixera Deseño Gráfico na Escola de Arte de Uviéu, acabou traballando na delegación que a imprenta Vetusta ten en Navia. Problema, dáballe por *falar* demasiado. Unha cousa son as anécdotas de rigor que se poidan comentar e outra ben distinta charlar sobre cousas serias. Das cousas da aldea e do folclore está ben; pero a vida empresarial é un asunto moi importante. E cos tempos que corren non se pode andar con parvadas. Para colmo só ao bonachón de Fredo se lle ocorreu dicir que había máis marcha en Ribadeo que en Navia. Aí si que a armamos! O encargado da imprenta, que xa lle tiña certa xenreira dixo que non o aturaba máis. Entre el e o patrón, D. Alfonso, deron falso testemuño afirmando que atoparan ao Fredo bebendo no traballo e que a causa diso se estragara a tro-

queladora. O único certo, que a noite anterior saíra de copas; para colmo, en Navia, onde por certo o pasara bastante ben.

Mais o maior desgusto de D. Alfonso veulle da man do seu curmán, Antonio. Cando a súa avoa, dona Sabela, estivo ingresada no Hospital de Uviéu, el non foi quen de ir visitala pois dáballe vergoña o seu falar. Ai, Alfonso, aínda han pensar que es medio galego! Tras unha longa agonía, a probe da señora acabou morrendo, como ten que ser, na súa casa de Aldeanova. Á hora de preparar as exequias, Antonio optou por se achegar ata a Imprenta Letras Gallegas, en Ribadeo. O autobús que podería levalo a Navia xa saíra había unha hora. Aproveitando a última lancha do día que quedaba por partir, a dos Busto de Ribadeo, achegouse ata o edificio dos Catro Irmáns e fíxolle o encargo das estampas e da nota necrolóxica a D. Ricardo para poñer na Comarca. Xa rematara o prazo para incluír nada, mais a morte é algo demasiado serio como para despachala cun soberbio volva outro día. O azar quixo que a lancha dos de Primote retrasara o seu regreso a Castropol e puidese regresar moito máis axiña. Cas orellas ben grandes, o cabrón do Alfonso aínda quixo afeax ao seu curmán no funeral, que houbo que demorar unha hora e pico por mor dun negocio que tiña que pechar en Luarca. Mais cando lle deron a estampa e puido ver quen a imprimira... as orellas encolléronlle de vez, botaba fume por elas e bufaba coma un touro. “Me las pagarás, Antonio. Tú y ese galleguista. Y el que se me ponga por delante”.

Un xoves, de madrugada, aos 85 anos, morreu o señor Antón. Xa o martes de entroido, á tardiña, comezou a se sentir mal. Unha molestia estomacal fíxeralle retirarse antes de tempo sen poder ver as últimas comparsas rúa nova adiante. Coidou que igual se excedera un pouco cos cimoís, a cachola e as filloas... pero non. Tiña que ser. E un día ou outro chegaría o momento. Non se foi angustiado. Cun pouco de mágoa si, pola súa sempre amiga Gadía. A ilusión duns netos falangueiros consolaba a espera pola súa namorada.

Pero ata nos momentos máis dolorosos, nos que maior apoio e comprensión precisas, a voz do rancor, da insidia e da arrogancia quere coarse por entre os recunchos para rachar coa felicidade dos demais. D. José e D. Jesús, aínda que xa xubilados, intentaron entorpecer os trámites do enterramento do señor Antón. Que si querían oficialo eles, que se non lle dera a extrema unción o crego que lle correspondía, que se non podía ser en galego todo o funeral... en fin. O párroco de Ribadeo, algo apoucado coa xente de carácter autoritario, de actitude arrogante cos que consideraba os seus ser-

vos, nun primeiro momento parecía querer ceder ás presións destes dous cregos xa retirados e establecidos en Ribadeo. O fillo máis novo de Antón, farto de tanta cantilena de sotana choca, petou forte na mesa e púxolle as cousas ben clariñas a quen tiña a responsabilidade de facer ben o seu traballo. Cando Afonso, o maior, dou chegado de Oxford, nin falar quixo co crego.

Quen máis o sentiu foi a señora Gadía. De novo as gadoupas do vello clero lle abriron cicatrices xa pechadas. Que cabía agardar duns desvergonzados que se atreveran a xustificar publicamente as violacións de relixiosas nas misións e mulleres nativas porque, a fin de contas, os cregos eran de carne e non de pedra? Nalgúns deles todo é resentimento, pura xenreira. D. José e D. Jesús, tíñanlla xurada ao señor Antón. Sabían que lograra zafarse do servizo militar pola súa coxeira, tamén eran sabedores da súa simpatía galeguista. D. José sempre se alporizaba cada vez que lembraba como no 33 un grupo de nacionalistas vascos, cataláns e galegos arribaron a Castropol nunha motora coa bandeira galega izada. «¡Invasión!», cavilou para os seus adentros. Como consolo ante o que non era máis que unha simple viaxe, cunha mirada de curuxa vella e vingativa fitou a cada un dos membros da comitiva. Mais non todos os ollos botaban lume precisamente aquel día no porto de Castropol.

Unha vez que o señor Antón e a señora Gadía se estableceron en Ribadeo, D. José e D. Jesús, temidos rúa Rodríguez Murias adiante cando daban os seus paseos, non deixaron de matinar a maneira de lle facer pagar ao xastre de Porto a súa valentía por pensar por el mesmo. Un golpe de vendaval quixo que unha maceta caera dun balcón do segundo andar da casa dos Sarmiento e case lle dou na testa a D. José. «*Mágoa de maceta, Deus mo perdoe, Señor!*», pensou máis dun fregués que por alí pasaba. Ata que conseguiron incriminar ao señor Antón non pararon de mover Santiago con Roma (entre sotanas ía o conto, si). Se ben quixeron facer crer que fora un atentado contra a súa persoa, ao remate todo se quedou nun homicidio involuntario en grao de tentativa... e algunha que outra ameaza aos veciños do segundo andar para que perxuraran que eles nunca tiveran macetas no seu balcón. A señora Gadía convidou aos gardas civís ata alí desprazados a que subiran ao seu salón e viran as macetas que precisamente retirara por mor do vento, mais non hai peor cego que o que non quere ver.

Foron cinco anos de presidio en Bonxe. Don Luís, para evitar males maiores, desprazouse a Ribadeo durante todas as semanas para dar protección á súa filla e evitar que o negocio se fora ao garete; xa boa maldición lle caera enriba como para ademais deixalo á deriva. Pero a distancia non puido co seu amor. A soidade que sentiron Antón e Gadía non os levou a se pechar en si mesmos, senón a buscar a maneira de colmala a través do traballo. No ano 50 comezaba de novo a vida para eles, que aínda se alegraría máis coa

chegada dun segundo descendente. As dúas crianzas, Afonso e Pepe, déronlles o pulo necesario para seguiren loitando, sempre coa fronte ergueita. Por moi discretamente que fora, nunca deixaron de lembrar a aqueles que non tiveran tanta sorte obsequiándoos cun sinxelo ramo de flores no vello cemiterio de Mondoñedo.

De mañanciña, un grupo de mozos e mozas, na súa maioría compoñentes da Coral de Santiso, agardan polo tren mineiro para se desprazar ata Ribadeo e despois a Foz, onde ían participar nun encontro de agrupacións musicais en honor a Rosalía de Castro. Con eles esperaba don Luís, o xastre de Santiso, que tamén se ía achegar á vila do Masma. Camiño da Grandela, o Lenceiro preparábase para comezar unha nova xornada de malla.

Equipaxe en man soben aos vagóns e mostran ao señor Jesús, do Castro, os seus billetes. Como era cedo, e os cativos aínda estaban a rebuldar no seu último soño, non habería carreiras entre a vella locomotora Borsig e as bicicletas do lugar. Pero si quedaban momentos para as bromas cada vez que atravesaban un túnel ou ao pasar sobre os viadutos de Pe da Viña ou de Rego da Viña. Quedar parados no medio deles, ou mesmo descarrilar, supoñía un bo susto que os mozos máis avezados aproveitaban para dar seguridade ás rapazas máis asustadizas. Na estación da Veiga, en Porto, subiron os pais de Antón, o señor Manuel e a señora María.

Tras deixar a estación de Ribadeo, dirixíronse todos cara ao Salón Teatro para alí coller o autobús da Empresa Ribadeo e partir cara a Foz. Antón e Gadía agardábanos xa ás portas do autocar, despois de ter collido unhas pezas de froita na de Julia, tras sacaren os billetes do autobús. Mentres que as mulleres ían subindo, os homes acababan de colocar as equipaxes. As compoñentes do grupo de gaitas *Saudade* sumáronse á comitiva, pois tamén ían participar no certame musical focego.

A imaxinación posta naqueles anos para sacar á luz vellas ideas era inmensa. Non faltaban ganas; nin ilusión. Ao abeiro dunha feble e inocua actividade cultural pouco a pouco íanse facendo pequenas achegas á recuperación da nosa memoria colectiva. Segundo os tempos foron mudando coa propia sociedade así foi prendendo de novo a chama que tanto alumou nos anos vinte e trinta. É certo que con novo espírito e novas ideas, pero unha vez máis púxose en marcha a longa viaxe cara a un amencer esperanzador.

En Foz todos querían gozar da linguaxe universal da música. E da nosa lingua. Ben sabían todos de onde viñan e o chan que pisaban. Conscientes do

seu patrimonio, buscaban a maneira de conservalo, desenvolveo e transmito. Na festa de Santiago de Foz cumpría honrar a Rosalía. Co receo manifesto dos censores de Lugo, a celebración musical saíu adiante. E o que comezou preparándose como unha exaltación da música tradicional acabou converténdose nun eloxio da figura de Rosalía como referente da cultura e da lingua galegas. Tanto as voces como as gaitas dun lado e outro do Eo gozaron da musicalidade da lingua que os congregaba. Entre bastidores, bulían cantos á paisaxe da man de Noriega Varela e Aquilino Iglesias Alvariño, de Novoneyra, Manuel María e Luz Pozo Garza; tamén agromaron os versos de Ignacio de Catalina e de Benjamín López da voz dun mozo boalense metido a mercante e establecido en Ribadeo. A *Sala Bahía* converteuse aquela tarde nun bulir de notas, verbas e ideas que deixarían unha grande pegada nas xentes da zona con inquedanzas culturais e devezo de liberdade.

Co devalar do mes de maio, cando o día se estende ata máis alá do Anserón, o sol ilumina cada atardecer o vello bulevar de Ribadeo que arrancaba desde o xardín. Virxe do Camiño, San Roque e Rodríguez Murias enchóupanse co amarelo celeste do solpor e adquiren un ton melancólico e cálido que embelece as fachadas, namora aos viaxeiros e sosega aos veciños. Na súa acordanza, a imaxe dunha parella de namorados que de novo volven sucara as paraxes desa vila de sempre que agora se dilúe nunha actividade trepidante. E no seu paseo achéganse ao Hotel Lamas e o Hotel Comercio, o ultramarinos de Nistal, a Farmacia Casariego, a casa Carro, a casa Gayol, a Berdeal... Moi preto, desde o parque de San Francisco, interpretadas pola Banda Municipal, soan as notas do "*Ribadeo*" de Pérez Rivas. Luz, cunha blusa de liño que se funde co ton rubiño do ceo, camiña pola rúa Rodríguez Murias en dirección á xastraría de Pepe. Estela estaba a piques de rematar a súa xornada.

Polo leste, no occidente, a lúa érguese por entre as ameas da torre ataia da capela de San Román. Imponente, chea, pouco a pouco vai adquirindo un ton alaranxado. Din que é a emoción ao poder divisar axiña ao sol, á beira dos Farallóns, máis alá do leste, ao oeste. Xirando sempre en torno a esta terra, a estas augas, un e outro marcan o compás como se dunha muiñeira se tratara. A un lado e outro da ría as pandeiretas modulan o ritmo e os coros pónenlle voz ao devir do firmamento.

Despois de charlar con D. Ricardo, o Xocas vai recoller á súa filla na Casa do Mar. Soan os compases da *Invicta* de Swearingen. Presta agardar un pouco. Non hai présa cando as cousas soan ben. Unha vez rematada a inter-

pretación, deixan a sala de ensaios. Polo parque respírase o devezado da xente por un outono que xa perdeu o pracer engaiolante da procura dos cogomelos. Luz e Estela, que se cruzan no camiño con eles, fanlle unha carantoña á cativa.

- Papá, viches que ían collidas da man como se foran mozos?
- Se dúas persoas se queren é normal que se collan da man; é unha maneira de se mostraren afecto, como facían o señor Antón e a señora Gadía, que por moi maiores que foran, seguían a verse como unha parella de mocíños. O que importa é o felices que se sintan, Antía.

Xosé Farruco Graña Rama



